



Instrución pola que se aproba o procedemento a seguir na constitución de garantías definitivas mediante retención do prezo do contrato.

O artigo 96.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSF) contemplaba a posibilidade de constituír, cando así estivese previsto no prego, a garantía definitiva mediante retención no prezo do contrato para os contratos de subministracións e servizos; coa modificación operada a través da Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio a emprendedores e a súa internacionalización, faise extensiva esta posibilidade aos contratos de obras e os de xestión de servizos públicos cando neste caso as tarifas as abone a administración contratante.

Por outra banda con data 20/novembro/2013 aprobáronse os pregos tipo de cláusulas administrativas particulares que rexerán na adxudicación dos contratos de obras, servizos e subministracións mediante procedemento aberto e negociado sen publicidade. Nos mesmos efectuáronse os cambios necesarios que permitan en cada procedemento establecer a posibilidade de constituír ou non a garantía definitiva mediante a retención do prezo, así como a documentación a presentar polo aspirante a adxudicatario cando exerza esa opción.

Como consecuencia do antedito faise necesario ditar unha instrución que determine os supostos nos que caiba permitir esa posibilidade e asemade que regule o procedemento a seguir cando ofrecida esa opción o interesado opte por ela. Para iso, de conformidade co exposto anteriormente, apróbase a presente Instrución.

1. Ámbito de aplicación.

As disposicións contida nesta Instrución serán de aplicación á constitución de garantía definitiva instrumentada mediante retención no prezo, aplicable aos contratos de obras, servizos, subministracións e de xestión de servizos públicos cando as tarifas as abone a administración contratante, segundo o previsto no artigo 96.2 do TRLCSF.

2. Supostos nos que caberá esta opción.

En calquera dos contratos indicados no punto 1 anterior, agás naqueles supostos nos que o gasto sexa obxecto de financiamento alleo a Universidade (subvención pública, convenio de colaboración e contrato de investigación) nos que non se poderá permitir esta posibilidade, ou cando atendendo a outras circunstancias así o acorde o órgano de contratación. Na FRC dos pregos de cláusulas administrativas particulares indicárase si cabe ou non esta opción.

3. Procedemento a seguir.

Cando polo licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa opte por prestar a garantía definitiva mediante retención no prezo do contrato deberá manifestalo expresamente presentando o anexo ao prego correspondente. A retención no prezo efectuarase no primeiro abono polo importe total da garantía a constituír, tanto si se trata de pagamento único como parcial (si no primeiro pagamento non se acada a totalidade do importe da garantía definitiva efectuarase tamén retención no seguinte/s abono/s ata acadar o importe total).

Os centros xestores del gasto deberán expedir un documento contable ADO ou O polo importe do primeiro abono a conta, ou no seu caso, polo importe total do contrato a favor da contrata, incluíndo como desconto o correspondente á garantía do contrato, polo importe da garantía definitiva.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Realizada a operación anterior, a contrata percibirá o importe do contrato ou certificación, do que se terá deducido, ademais dos descontos que correspondan, o importe da garantía retida do prezo do contrato.

4. Devolución da garantía.

Unha vez aprobada a liquidación do contrato, rematado o prazo de garantía, cumprido de xeito satisfactorio o contrato, ou resolto este sen culpa da contrata e por tanto non resultando responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía, o órgano de contratación ditará acordo de devolución da garantía comunicándoo ao Servizo de contabilidade, orzamentos e tesourería.

No supostos de terse producido unha recepción parcial do contrato, para aqueles casos nos que así se prevea no prego de cláusulas administrativas particulares, procederase do xeito indicado no parágrafo anterior.

5. Reaxuste de garantías.

No suposto de modificación do contrato cando este experimente unha variación no valor do mesmo, deberase reaxustala garantía de conformidade co previsto no artigo 99 do TRLCSP, procedéndose do xeito disposto no punto tres anterior.

6. Esixencia de responsabilidade ó contratista.

Si como consecuencia da execución ou resolución do contrato, tivera que aplicarse o previsto nos apartados a), b), c) e d) do artigo 100 do TRLCSP e polo tanto fose necesario proceder a incautala garantía constituída mediante retención no prezo do contrato, o órgano de contratación procederá a dita resolución correspondente, da que dará traslado ao Servizo de contabilidade, orzamentos e tesourería.

Vigo, 17 de decembro de 2013

O REITOR

Por delegación

(RR 11/09/13 – DOG 20/09/13)

O XERENTE

Manuel Fernández Jauregui

SERVIZO DE CONTABILIDADE, ORZAMENTOS E TESOURERÍA
SERVIZO DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO
SERVIZO DE CONTROL INTERNO
SERVIZO DE XESTIÓN ECONÓMICA E CONTRATACIÓN
ADMINISTRADORES/AS CAMPUS, ÁMBITO, CENTROS.